



DECRETO DA PRESIDENCIA

ASUNTO: Convocatoria e aprobación das bases que rexerán o proceso selectivo para a cobertura temporal de postos vacantes no Consorcio Provincia Contra Incendios da Coruña, mediante concurso de méritos polo sistema de mobilidade interna entre o persoal do Consorcio.

EXPEDIENTE: 2023/G003/000220 **EXPEDIENTE ORIXE:** 2023/E001/000003

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, D. Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o informe emitido por esta Xerencia de data 22.05.2023 no que, entre outros aspectos, expoñía o seguinte:

<<(…) Emítase o seguinte informe de conformidade co disposto no artigo 16º dos Estatutos reguladores do Consorcio.

INFORME:

En sesión plenaria de 13.09.2020 aprobouse con carácter definitivo, a Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento, determinando como forma de xestión máis sostible e eficiente, de entre as previstas no artigo 85.2 LBRL, a xestión directa mediante persoal propio do Consorcio.

O devandito acordo foi publicado para o seu xeral coñecemento, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 195 de 14.10.2019.

Na Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do Servizo de extinción de incendios e salvamento, analízase, entre outros, unha cuestión de especial relevancia para o suposto que nos ocupa, en canto as condicións índole laboral do persoal de intervención. Recollese un extracto do reflectido sobre esta cuestión:

*<<[...] En el momento de la transmisión o reversión del servicio, los trabajadores de la entidad cedente (aquí la empresa concesionaria) pasan a la entidad adquirente (la Administración pública) en las mismas **condiciones laborales que tenían con anterioridad**, por lo que conservan el tipo de contrato (aquí, previamente, el indefinido ordinario) y las condiciones de trabajo anteriores, **incluidas las reconocidas por convenio colectivo**. [...] Ahora bien, la conservación del estatus laboral anterior no implica que este sea intocable ad futurum, pues el nuevo empresario puede, por un lado, adoptar las medidas reorganizativas que, estando objetivamente justificadas, también podría haber adoptado el anterior empresario (v. gr., modificación sustancial de condiciones de trabajo, movilidad geográfica, reestructuración de plantilla). Asimismo, **la Administración pública puede abrir un proceso de regularización de ese nuevo personal indefinido (pero no de plantilla, ni fijo) para cubrir las plazas que ocupan por los procesos propios del ámbito público, con sometimiento a los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad (arts. 23.2 y 103.3. CE y art. 55 EBEP).**[...]>>*

Respecto do anterior, e mentres se realizan os trámites para esa futura regularización da situación do persoal indefinido, que foi obxecto de subrogación a 01.01.2020, de conformidade co acordado polo Pleno do Consorcio en sesión do 13.09.2020, resulta urxente e necesaria a cobertura das seguintes prazas vacantes:

- 1 Praza bombeiro condutor SPEIS 03 BOIRO
- 2 Prazas bombeiro condutor SPEIS 08 AS PONTES
- 1 Praza bombeiro condutor SPEIS 07 BETANZOS
- 1 Praza bombeiro condutor SPEIS 09 CEE
- 2 Prazas bombeiro condutor SPEIS 10 SANTA COMBA

De conformidade co anteriormente exposto, os convenios de aplicación, no apartado de “Mobilidade Xeográfica”, indícase que “En caso de producirse unha vacante ou aumento de plantilla nalgún parque de



bombeiros xestionado pola empresa, os traballadores do resto de parques terán preferencia para ocupar a mesma fronte a outros de nova incorporación". Así pois procede abrir un proceso de provisión das prazas vacantes, por mobilidade xeográfica, e sempre con carácter temporal ata a cobertura definitiva das mesmas de conformidade co acordo plenario de 13.09.2019 e a lexislación vixente de aplicación.

Logo da elaboración, das bases para a provisión temporal postos vacantes no Consorcio Provincial contra Incendios e salvamento da Coruña por mobilidade, mediante concurso de méritos entre o persoal do Consorcio, e mentres non se proceda á regularización da cobertura das prazas que na actualidade ocupa o persoal subrogado de conformidade con acordo plenario de 13.09.2020; ao abeiro do previsto no artigo 16º dos Estatutos reguladores do Consorcio, e do disposto no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co artigo 14º dos Estatutos do Consorcio, propoño á Presidencia a adopción da seguinte resolución:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria do proceso para a provisión temporal postos vacantes no Consorcio Provincial contra Incendios e salvamento da Coruña por mobilidade, mediante concurso de méritos entre o persoal do Consorcio, nos seguintes termos:

BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS VACANTES NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, POR MOBILIDADE, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, ENTRE O PERSOAL DO CONSORCIO.

PRIMEIRA. OBXECTO.

Constitúe o obxecto destas bases regular as condicións das convocatoria para a provisión temporal de prazas vacantes no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña por mobilidade, mediante concurso de méritos, entre o persoal do Consorcio.

Esta convocatoria créase co único propósito de cubrir con carácter temporal e ata a cobertura definitiva, de postos na categoría de bombeiro condutor que permanecen vacantes ou non ocupados, ou que teñan un titular con dereito a reserva de posto, e sexa necesaria a súa provisión temporal.

En materia de méritos avaliados, as presentes bases serán as únicas de aplicación para determinar a prelación do concurso.

SEGUNDA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Poderán participar no concurso de méritos todo o persoal que na actualidade preste servizos no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña cunha antigüidade mínima dende 01.01.2020.

A participación no concurso terá carácter voluntario.

TERCEIRA. CONDICIÓNS DO POSTO E RETRIBUCIÓNS.

As retribucións e condicións laborais serán as propias da categoría segundo a relación de postos de traballo en vigor.

CUARTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E DOCUMENTACIÓN.

4.1.- Os/as concursantes presentarán a súa solicitude de participación con arranxo ao modelo oficial que se achega como Anexo, que estará ao dispor das persoas interesadas no Rexistro Xeral do Consorcio e na páxina web do mesmo: <https://cciacoruna.gal>, así como na sede electrónica.

4.2.- As solicitudes presentaranse no prazo de 10 días hábiles, que se iniciará ao día seguinte da publicación da convocatoria na páxina web e taboleiro de anuncios do Consorcio. Así mesmo publicarase nos taboleiros de anuncios dos respectivos parques.

4.3.- De conformidade co artigo 14.2.e) da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as instancias solicitando participar no proceso dirixiranse ao Presidente



do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña e presentaranse, debidamente cubertas, no Rexistro Electrónico Xeral do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña. (<https://sede.cciacoruna.com/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral>).

4.4.- Os méritos alegados polos/as aspirantes achegaranse á solicitude, con indicación da praza ou prazas a que optan por orde de prioridade. Non se valorarán aqueles méritos non relacionados na instancia. Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse o “documento de autobaremação” (Anexo II), sendo motivo de exclusión o feito de que os/as solicitantes non o presenten, debidamente cuberto, sen prexuízo de que esta non ten porque coincidir coa proposta que formule o tribunal cualificador.

QUINTA. DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA.

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase a lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña da sede electrónica ([Sede electrónica Consorcio Provincial Contra incendios y Salvamento de A Coruña - Inicio \(cciacoruna.gal\)](http://Sede electrónica Consorcio Provincial Contra incendios y Salvamento de A Coruña - Inicio (cciacoruna.gal))), na páxina web do Consorcio ([Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña. Portada \(cciacoruna.com\)](http://Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña. Portada (cciacoruna.com))), e nos taboleiros de anuncios dos Parques, dándose un prazo de tres días naturais para a presentación de emendas. De non existir estas ou unha vez emendadas, transcorrido o prazo expresado no apartado anterior, procederase á publicación da resolución de aprobación da lista definitiva nos mesmos lugares, así como a composición do tribunal cualificador. Na devandita Resolución da Presidencia sinalarase tamén o lugar, data e hora para a convocatoria do tribunal cualificador ao obxecto da súa constitución e para proceder a valoración dos méritos acreditados polos aspirantes.

A efectos de cómputo de prazos, considerarase data de publicación a do Taboleiro de anuncios do Consorcio Provincial da sede electrónica.

No suposto de non existir excluídos, publicarase directamente nos lugares anteriormente establecidos unha lista definitiva de aspirantes admitidos.

Unha vez rematado o prazo, o tribunal de cualificación reunirse para avaliar os méritos. Seguidamente fará pública a puntuación global dos/as aspirantes en relación a praza solicitada, por orde decrecente, no taboleiro de anuncios do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña da sede electrónica ([Sede electrónica Consorcio Provincial Contra incendios y Salvamento de A Coruña - Inicio \(cciacoruna.gal\)](http://Sede electrónica Consorcio Provincial Contra incendios y Salvamento de A Coruña - Inicio (cciacoruna.gal))), na páxina web do Consorcio ([Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña. Portada \(cciacoruna.com\)](http://Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña. Portada (cciacoruna.com))), e , outorgando tres días hábiles para que os concursantes poidan formular alegacións ou reclamacións. Transcorrido o devandito prazo e realizadas, no seu caso, as correccións oportunas, elevará a súa proposta á Presidencia do Consorcio para a súa aprobación.

SEXTA. NOMEAMENTO E COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

5.1.- O tribunal encargado da cualificación do concurso de méritos será nomeado polo Presidente, conforme ao estipulado nos artigos 60 do EBEP, 59 da Lei 9/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais lexislación de aplicación, e a súa composición farase pública consonte co establecido na base anterior. Estará composto por un/ha presidente/a, un/ha secretario/a (con voz pero sen voto), e catro (4) vogais.

5.2.- No nomeamento dos membros do Tribunal deberanse respectar as seguintes regras:

- O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.
- O persoal de elección e de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte do órgano de selección.
- As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores tampouco poderán formar parte do órgano de selección.



- d) A pertenza ao órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

5.3.- Os acordos adoptados polo tribunal cualificador poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o presidente nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

SÉTIMA. BAREMO DE MÉRITOS

O concurso realizarase conforme ao seguinte baremo:

7.1. Experiencia profesional. Máximo 60 puntos.

Servizos prestados nos Servizos de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento das Administracións Públicas (SPEIS), en postos de traballo vinculados á categoría de bombeiro condutor, en calquera servizo SPEIS, desempeñando o posto a través de calquera dos sistemas de provisión establecidos na lexislación vixente, a razón de 0,30 puntos por cada mes completo de servizos prestados, sen contar a fracción, independentemente da súa natureza civil ou laboral.

7.2. Proximidade ao domicilio habitual. 15 puntos.

- Proximidade da localidade onde se atopa praza solicitada ó domicilio habitual do solicitante. Ata un radio de 50 km,

7.3. Familiares a cargo. 25 puntos.

- familiares ata o segundo grao de consanguinidade a cargo do solicitante.
- fillos menores de 12 anos.

7.4.- Empate na Puntuación.

Os empates que se produzan na puntuación dos concursantes resolverase tendo en conta a puntuación nos seguintes apartados, na orde indicada:

1º.- Experiencia profesional

2º.- Maior proximidade do domicilio habitual a praza solicitada.

En caso de empate nestas seccións, resolverase por sorteo.

OITAVA. ACEPTACIÓN E INCORPORACIÓN Á PRAZA.

Unha vez elevada polo tribunal cualificador a proposta de provisión de prazas, ordenadas por orde decrecente, aprobarase mediante Decreto da Presidencia.

Unha vez notificada a adxudicación das prazas, será necesaria a aceptación expresa por parte do interesado no prazo máximo de 3 días hábiles. A aceptación deberá manifestarse a través do rexistro da sede electrónica do Consorcio.

A incorporación á nova praza deberá realizarse nun prazo non superior a 3 días hábiles no caso de residir no mesmo municipio ou dun mes no caso contrario, debendo manifestar a data de incorporación na comunicación de aceptación da praza asignada.>>



SEGUNDO. Convocar as probas selectivas para a cobertura temporal de postos vacantes no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, mediante concurso de méritos polo sistema de mobilidade interna entre o persoal do Consorcio.

TERCEIRO. Publicar o anuncio da convocatoria e o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no taboleiro de anuncios do Consorcio e no da sede electrónica, así como na páxina web do mesmo."

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DO PROCESO PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS VACANTES NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA POR MOBILIDADE, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, ENTRE O PERSOAL DO CONSORCIO.

IDENTIFICACIÓN DA PERSOA INTERESADA

Primeiro apelido:		Segundo apelido:		Nome:			
DNI:		Data de nacemento:		Idade:		Provincia de nacemento:	
Domicilio actual (Calle y número):				Municipio (con Código Postal):			
Provincia:		Tlf. fixo:		Correo electrónico:			
		Tlf. móbil:					
Prazas que se solicitan por orde de prioridade:		1-		2-			
3-		4-		5-			
6-		7-					

O abaixo asinante, ten coñecemento das bases e da convocatoria que rexen o proceso para:

A PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS VACANTES NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, POR MOBILIDADE, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, ENTRE O PERSOAL DO CONSORCIO.

E declara baixo a súa responsabilidade:

Primeiro. - Que coñece e acepta integramente as bases da convocatoria.

Segundo. - Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos en ditas bases e convocatoria, referidos a data de expiración do prazo de presentación de instancias.

Terceiro. - Que son certos os datos consignados nesta solicitude, asumindo as responsabilidades as que dea lugar, en caso de falsidade nesta ou na documentación presentada, sendo excluído automaticamente do proceso selectivo.



Cuarto.- Que acepto, expresamente, as comunicacións telemáticas ao número de teléfono móbil consignado e as notificacións electrónicas fidedignas a conta de correo electrónico consignada.

Quinto. - Que non fun inhabilitado/a, nin separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública.

Sexto. - Que a documentación subministrada é copia fiel da orixinal, comprometéndome a aportar os orixinais da documentación, no seu caso, a requirimento do Consorcio Provincial.

SOLICITA

Que sexa admitida esta solicitude ao proceso de provisión e que se teña por presentada a seguinte documentación:

Copia do documento acreditativo da nacionalidade do aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, etc.

Copia da documentación acreditativa dos méritos alegables pola persoa interesada, segundo o baremo que figura no Anexo II en relación coa base sétima.

Carballo, na data da sinatura electrónica.

(SINATURA DO/A INTERESADO/A) *(Asinado electricamente)*

SR. PRESIDENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

ANEXO II

DOCUMENTO DE AUTOBAREMACIÓN

EXPERIENCIA PROFESIONAL. Máximo 60 puntos			
Servizos prestados nos Servizos de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento das Administracións Públicas (SPEIS), en postos de traballo vinculados á categoría de bombeiro condutor en calquera servizo SPEIS, desempeñando o posto a través de calquera dos sistemas de provisión establecidos na lexislación vixente, a razón de 0,30 puntos por cada mes completo de servizos prestados, sen calcular a fracción, independentemente da súa natureza civil ou laboral	Documento número (1)	Meses completos	Puntuación (2)
Total Experiencia Profesional			



- 1.- Enumeraranse certificados/documentos facilitados, indicando o seu número de documento e meses. Os servizos prestados no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (dende 01.01.2020), valoraranse de oficio sen necesidade de presentar certificado.
- 2.- Multiplicaranse os meses completos traballados pola puntuación correspondente.

PROXIMIDADE AO DOMICILIO HABITUAL. 15 puntos.			
Proximidade da praza ao domicilio habitual do solicitante ata un radio de 50 km	DOMICILIO (1)	KM ata o SPEIS	Puntuación (2)
Total proximidade ao domicilio habitual			
FAMILIARES A CARGO. 25 puntos.			
Valoraranse familiares a cargo do solicitante ata o segundo grao de consanguinidade, fillos menores de 12 anos ou maiores desta idade con discapacidade.	Familiar a cargo. (3)	Puntuación	
Total familiares a cargo			

- 1.- A proximidade do domicilio habitual xustificarse con volante de empadramento.
- 2.- Calquera distancia dentro do radio de 50 km asignaralle 15 puntos.
- 3.- Familiares a cargo: Libro de familia, xustificante de dependencia ou outra documentación que acredite suficientemente estas circunstancias..

Independentemente do número de familiares a cargo a puntuación será de 25 puntos.

Logo de ver os antecedentes e a documentación obrante no expediente, de conformidade co disposto polo art.14 dos estatutos deste Consorcio en relación co art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, arts. 61.1 Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais disposicións concordantes que foran de aplicación, mediante o presente, (...)>>



RESOLVO:

PRIMEIRO. – Aprobar a proposta nos seus mesmo termos.

Carballo, na data que figura na sinatura dixital

O presidente,
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria interventora,
Asdo.: M. Graciela Riveiro Moreira